

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3171 *CORRECCIÓN de erros da Orde PRE/3298/2004, do 13 de outubro, pola que se modifica o anexo IX «Masas e dimensións» do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro. («BOE» 48, do 25-2-2005.)*

Advertidos erros na Orde PRE/3298/2004, do 13 de outubro, pola que se modifica o anexo IX «Masas e dimensións» do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, publicado no Boletín Oficial del Estado n.º 248, do 14 de outubro de 2004, procédese á súa rectificación:

Na páxina 1881, no punto Primeiro, 2 relativo á táboa 2 «Masas máximas autorizadas», letra a), onde di:

«a) Na epígrafe “Vehículos articulados de 4 eixes”, o segundo parágrafo substitúese polo seguinte:

“Vehículo de motor de 2 eixes e semirremolque no cal a distancia entre eixes sexa igual ou superior a 1,80 metros (2): 36.”»,

debe dicir:

«a) Na epígrafe “Vehículos articulados de 4 eixes” o primeiro parágrafo substitúese polo seguinte:

“Vehículo de motor de 2 eixes e semirremolque no cal a distancia entre eixes sexa igual ou superior a 1,30 metros e sexa inferior a 1,80 metros (2): 36.”»

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3239 *REAL DECRETO 206/2005, do 25 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 427/2003, do 11 de abril, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky. («BOE» 49, do 26-2-2005.)*

A Decisión 2001/618/CE da Comisión, do 23 de xullo de 2001, pola que se establecen garantías suplementarias nos intercambios intracomunitarios de animais da especie porcina en relación coa enfermidade de Aujeszky, así como os criterios para facilitar información sobre a devandita enfermidade, e pola que se derrogan as decisións 93/24/CEE e 93/244/CEE, estableceu que no Estado membro ou rexión de orixe dos animais se conte cun plan de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky, o cal se estableceu mediante o Real decreto 427/2003, do 11 de abril, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

Pola súa parte, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece, no seu artigo 6, que as administracións públicas adoptarán os programas e actuacións necesarios en materia de sanidade animal, no ámbito das súas respectivas competencias, e regulan no seu artigo 25 os programas nacionais de prevención, control, loita e erradicación de enfermidades dos animais, entre os cales se encontra o citado programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

Mesmo cando a evolución da enfermidade en España é favorable, é preciso modificar o citado real decreto, para establecer un réxime de movemento dos animais en función da cualificación ou estatuto sanitario da explotación, incluídos os animais de ceba ou produción, que prevexa maiores garantías sanitarias, co fin de avanzar no control e erradicación desta patoloxía, o que permitirá progresar no obxectivo de cumprir coas exixencias previstas. Así mesmo, procede a actualización do réxime sancionador aplicable, unha vez aprobada a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación concedida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de febreiro de 2005,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 427/2003, do 11 de abril, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.*

O Real decreto 427/2003, do 11 de abril, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky, modifícase nos seguintes termos:

Un.-Engádense as alíneas h), i), j), k), l) e m) no artigo 2, coa seguinte redacción:

«h) Comarca veterinaria: unidade epidemiolóxica establecida para valorar a situación sanitaria dentro de cada comunidade autónoma, así como para a vacinación prevista no artigo 4 e os controis serolóxicos establecidos no artigo 8 e nos anexos.

i) Explotacións A0: aquelas en que se descoñece a situación da vacinación ou dos controis serolóxicos nos últimos 12 meses.

j) Explotacións A1: aquelas en que se coñece a situación da vacinación e dos controis serolóxicos, con diagnóstico gE positivo no último control oficial efectuado.

k) Explotacións A2: aquelas en que se coñece a situación da vacinación e dos controis serolóxicos, con resultado negativo fronte a gE no último control oficial efectuado, sen que se iniciasen aínda as actuacións precisas para a súa cualificación ou, tén doas iniciado, non as finalizasen.

l) Explotacións A3 ou A4: as explotacións con cualificación sanitaria de indemne ou oficialmente indemne, respectivamente.

m) Veterinario responsable do programa na explotación: o veterinario, distinto do oficial, designado polo titular da explotación, como responsable do seguimento do programa de vacinas establecido e da anotación e comunicación das vacinas, así como, de ser o caso, da acreditación da realización dos controis serolóxicos obrigatorios.»

Dous.—O parágrafo segundo do punto 1 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Non obstante o anterior, aqueles animais de cría ou de ceba maiores de seis meses serán vacinados, polo menos, cunha terceira dose ao cumpriren esta idade e serán revacinados cada catro meses, ata a súa saída da explotación.»

Tres.—Engádesse un parágrafo ao punto 2 do artigo 4, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, e non obstante o disposto no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 4, a autoridade competente poderá exceptuar da vacinación os animais maiores de seis meses mantidos en explotacións extensivas de ceba en montañeira, que, nun prazo máximo de 30 días desde a finalización do último intervalo de catro meses, se destinen a matadoiro.»

Catro.—O punto 3 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os plans de vacinación que se establezan para cada área serán uniformes e definidos pola autoridade competente, a cal poderá establecer, para aquelas explotacións en que así o considere necesario, que amplíen o programa de vacinas básico obrigatorio previsto no punto 1, en función dun estudo previo do desenvolvemento da enfermidade. O control e o seguimento da vacinación estará baseado, polo menos, no censo medio da explotación, na orientación produtiva e nos intervalos teóricos da pauta establecida.»

Cinco.—O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Requisitos, aplicación e uso das vacinas.*

1. As vacinas utilizadas no gando porcino serán as que cumpran os requisitos establecidos no anexo I. A utilización destas vacinas farase sempre baixo coñecemento e control da autoridade competente.

2. As vacinas aplicaraas o veterinario responsable do programa na explotación, ou baixo a súa supervisión. Unha vez vacinados os animais, o devandito veterinario procederá a anotar nun rexistro específico, ou no previsto no artigo 8 do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e aos seus residuos nos animais vivos e nos seus produtos, os datos mínimos seguintes: vacina utilizada, incluído o seu nome comercial e número de lote, a data de vacinación, así como a identificación, o número e a idade dos animais vacinados. A devandita anotación entenderase sen prexuízo das comunicacións ou partes de vacinación que se deberán remitir á autoridade competente coa periodicidade prevista por esta.

3. Os controis oportunos da aplicación das vacinas realizados pola autoridade competente poderán incluír controis serolóxicos dos animais na explotación ou en matadoiro.»

Seis.—O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8. *Vixilancia epidemiolóxica da enfermidade e taxa de prevalencia por comarcas.*

1. Efectuaranse controis en todas as explotacións con animais reprodutores, para determinar o número e a porcentaxe de explotacións infectadas de acordo cunha mostraxe para determinar a presenza da enfermidade, suposta unha prevalencia mínima do cinco por cento, cun grao de confianza do 95 por cento, de acordo coas táboas do anexo IV.

2. A autoridade competente determinará, polo menos anualmente, a taxa de prevalencia das súas comarcas veterinarias ou unidades veterinarias locais. Para iso determinarase a prevalencia na comarca sobre a base da mostraxe prevista no punto anterior, ao ser esta representativa da

poboación de cada comarca ou unidade veterinaria local en canto inclúe as explotacións con reprodutores, e en función daquela clasificaranse en:

a) Comarca de alta prevalencia (CAP): cunha prevalencia colectiva en granxas de reprodutores superior ao 10 por cento.

b) Comarca de baixa prevalencia (CBP): cunha prevalencia colectiva en granxas de reprodutores superior ao cero por cento e inferior ou igual ao 10 por cento.

c) Comarca libre (CL): con prevalencia colectiva e individual de todas as granxas igual a cero. Unha vez iniciada a cualificación dos territorios, estas comarcas subdividiranse en indemnes e oficialmente indemnes.

3. Sen prexuízo do previsto no punto 1, nas explotacións de produción de ciclo cerrado ou mixto que se diagnosticasen como positivas a gE do virus no control efectuado sobre o efectivo reprodutor, establécese un control serolóxico obrigatorio dirixido a animais a final de ceba que deberá ser realizado no prazo dun mes desde a emisión do resultado do anterior. O tamaño da mostra calcularase para determinar a presenza da enfermidade, suposta unha prevalencia mínima do 10 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento (cun máximo de 30 mostraxas), de acordo coa táboa do anexo VII.

En función dos resultados obtidos, estas explotacións clasificaranse en:

a) Explotacións de produción positivas activas: aquelas con diagnóstico serolóxico gE+ en animais reprodutores e de ceba.

b) Explotacións de produción positivas estables: aquelas con diagnóstico serolóxico gE+ en animais reprodutores e gE-en animais de ceba.

As explotacións de produción positivas activas deberán ser sometidas pola autoridade competente a un protocolo de actuación e vixilancia específico, baseado nunha enquisa epidemiolóxica, que inclúa medidas de obrigado cumprimento co obxectivo de cortar a circulación vírica. Entrementres non se logre este obxectivo, evidenciado por controis efectuados sobre animais da fase de ceba, estas explotacións só poderán enviar animais con destino a matadoiro.

4. Establécense controis serolóxicos nas explotacións de ceba en intensivo e ceba en extensivo. Estes controis poderanse facer ben na explotación, ben no matadoiro, de acordo cos seguintes criterios, en función da prevalencia da zona na cal se encontran situados:

a) En comarcas de alta prevalencia controlárase, cando menos unha vez ao ano, o 100 por cento das explotacións. O tamaño da mostra será calculado para determinar a presenza da enfermidade, suposta unha prevalencia mínima do 20 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento (16 mostraxas como máximo), de acordo coa táboa do anexo VII.

b) En comarcas de baixa prevalencia, a autoridade competente determinará a realización de controis aleatorios en función do resultado dun estudo de risco. O tamaño da mostra será calculado para determinar a presenza da enfermidade, suposta unha prevalencia mínima do 10 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento (30 mostraxas como máximo), de acordo coa táboa do anexo VII.

No caso de animais positivos como resultado dos devanditos controis, a autoridade competente adoptará as medidas correctoras oportunas.»

Sete.—Os puntos 2 e 4 do artigo 9 quedan redactados do seguinte modo:

«2. Os animais destinados á reprodución deberán proceder, en todo caso, de explotacións cualificadas como oficialmente indemnes ou indemnes da enfermidade de Aujeszky. Así mesmo, cando a explotación de destino teña un estatuto sanitario A1, o gandeiro deberalle comunicar á autoridade competente, directamente ou a través do veterinario responsable do programa na explotación, con suficiente antelación, a entrada dos futuros produtores, e estes animais deberán ser vacinados no momento da súa chegada á explotación. Tamén serán sometidos a corentena, salvo que as infraestruturas da explotación non o permitan. No libro de rexistro da explotación deberá quedar constancia de todas as actuacións realizadas, incluída a identificación individual dos animais de novo ingreso.

Non obstante, no caso de explotacións non cualificadas que realicen a súa propia autorreposición, o titular da explotación comunicarllo á autoridade competente, directamente ou a través do veterinario responsable do programa na explotación, cunha antelación mínima dun mes, antes de que estes entren no ciclo reprodutivo, para realizar o control serolóxico obrigatorio establecido neste real decreto. Se o resultado do recoñecemento é positivo fronte á gE do virus, estes animais deberán ser segregados e unicamente os poderán criar como animais de ceba con destino a matadoiro, en ningún caso entrarán no ciclo reprodutivo e serán marcados de forma indeleble cunha marca específica e diferente da que corresponda á identificación obrigatoria do animal prevista no artigo 7 do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina. Noutro caso, tras a confirmación do resultado negativo, os animais deberán ser vacinados. Todas estas actuacións deberán quedar reflectidas no libro de rexistro da explotación, incluída a identificación individual dos animais.»

«4. O movemento de animais para vida, con destino a explotacións de ceba ou produción, cara a comarcas veterinarias ou unidades veterinarias locais que teñan unha prevalencia igual ou inferior ao 10 por cento, só se poderá efectuar con animais de explotacións incluídas en comarcas veterinarias ou unidades veterinarias locais coa mesma ou inferior prevalencia, ou procedentes de explotacións cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes.

Non obstante, no momento en que se ache definitivamente implantado o sistema de redes de vixilancia epidemiolóxica regulado na sección III do capítulo II do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, a autoridade competente poderá exixir, ademais, que a prevalencia da explotación de orixe sexa igual ou inferior á de destino.

Sen prexuízo do previsto nos parágrafos anteriores, serán de aplicación as seguintes previsións para o movemento de animais:

a) Nas explotacións situadas no raio dun quilómetro ao redor das explotacións A3 ou A4, soamente se poderá autorizar a entrada de animais procedentes de explotacións A4 ou A3.

b) Nas explotacións de produción de ciclo cerrado ou mixto, positivas activas, unicamente se poderá autorizar a saída de animais con destino a sacrificio.»

Oito.—Engádense os puntos 5, 6 e 7 ao artigo 9, co seguinte contido:

«5. Os animais destinados á reprodución, tanto os de novo ingreso como no caso de explotacións que realicen a súa propia autorreposición, deberán estar identificados individualmente, de forma específica, na forma e condicións previstas na normativa vixente.

6. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores e das limitacións ou restricións adicionais ao movemento que estableza a autoridade competente, non se autorizarán os movementos para vida con destino a outras comunidades autónomas desde explotacións A0, desde explotacións onde se detecte incumprimento na pauta de vacinación xeral ou específica previstas no artigo 4, ou desde explotacións con reposición positiva ou incumprimento no protocolo de reposición.

En calquera caso, para a autorización do traslado dentro do ámbito da comunidade autónoma, os propietarios das citadas explotacións deberán realizar á súa custa:

a) A vacinación do 100 por cento do censo existente.

b) Control serolóxico á partida obxecto de movemento con resultado negativo e tamaño de mostra segundo 95/5.

7. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores e das limitacións ou restricións adicionais ao movemento que estableza a autoridade competente, non se autorizarán os movementos para vida con destino a outras comunidades autónomas desde explotacións A1.

En calquera caso, para a autorización pola autoridade competente do traslado dentro do ámbito da comunidade autónoma, este deberase realizar dentro de canles ben definidas e en transportes específicos, sen mesturarse estes animais cos procedentes de explotacións cualificadas ou con outros estatutos sanitarios. A explotación de orixe estará sometida a un programa de vixilancia e deberá acreditar o cumprimento estrito do programa de vacinación, reposición e seguimento serolóxico. Os animais obxecto do envío identificaranse de forma específica, distinta en todo caso da identificación obrigatoria prevista no artigo 7 do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, e serán vacinados na explotación de orixe antes do seu traslado nas condicións previstas na autorización de comercialización da vacina aplicable para tal efecto.»

Nove.—O artigo 11 queda sen contido.

Dez.—O artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 15. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e, de ser o caso, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde a que houber lugar.»

Once.—Engádense unha disposición transitoria terceira co seguinte contido:

«Disposición transitoria terceira. *Identificación individual de produtores.*

Ata a implantación do sistema de identificación individual para produtores previsto no artigo 9.2,

o gandeiro deberá identificar individualmente, de forma inequívoca, os animais destinados á reprodución, tanto os de novo ingreso coma no caso de explotacións que realicen a súa propia autorreposición.»

Doce.—Engádesse unha disposición transitoria cuarta co seguinte contido:

«Disposición transitoria cuarta. *Movemento de animais na produción en fases.*

Ata o 1 de xaneiro de 2006, as autoridades competentes, de acordo cun estudo de risco, poderán establecer excepcións ao réxime de movementos previsto no artigo 9.4, sempre e cando o movemento se realice entre explotacións pertencentes a un sistema de produción en fases e o autorice a autoridade competente de destino.

Este estudo de risco consistirá, cando menos, no control, con frecuencia mensual, de porcas reproductoras sentinela, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza ou ausencia de enfermidade, cun intervalo de confianza do 95 por cento e unha prevalencia esperada do 10 por cento (cun máximo de 30 mostras), para demostrar a ausencia de circulación viral.

Os animais sentinela serán seleccionados entre todos os lotes de porcas reproductoras que haxa na explotación.

Estas probas serán por conta do propietario da explotación.»

Trece.—Engádesse, como anexo VII, o que figura no anexo deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro.*

Engádeselle ao artigo 12.1.B) do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, unha alínea c) coa seguinte redacción:

«c) A cualificación ou estatuto sanitario das explotacións, de acordo co previsto nas alíneas i), j), k) ou l) do artigo 2 do Real decreto 427/2003, do 11 de abril, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.»

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto no novo punto 6 do artigo 9 do Real decreto 427/2003, do 11 de abril, que entrará en vigor o 1 de xullo de 2005, e o establecido nos novos puntos 5 e 7 do seu artigo 9, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

Dado en Madrid o 25 de febreiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO

«ANEXO VII

Táboa para a determinación de presenza de enfermidade de acordo cunha prevalencia mínima do 10 por cento ou do 20 por cento

Suposta unha prevalencia do 10 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento

Censo total	Censo que se debe controlar
1-15	Todos
16-20	16
21-40	21
41-100	25
101-250	27
251-1.000	28
+ de 1.000	29

Suposta unha prevalencia do 20 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento

Censo total	Censo que se debe controlar
1-10	Todos
11-20	10
21-40	11
41-70	12
71-200	13
+ de 200	14».

3240

ORDE APA/431/2005, do 18 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e no da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 49, do 26-2-2005.)

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e no da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e as modificacións posteriores, a última das cales foi a Directiva 2004/70/CE, da Comisión, do 28 de abril de 2004, pola que se modifican os anexos I, II, III e IV da Directiva 2000/29/CE do Consello.

Con posterioridade, foi modificada pola Directiva 2004/102/CE da Comisión, do 5 de outubro de 2004, pola que se modifican os anexos II, III, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

De conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto,